

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE "REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE NÚCLEO HISTÓRICO DE CAMARIÑAS (PEPRI)"

Publicación no Perfil:	19/10/2010
Publicación no BOP:	18/10/2010
Publicación no DOG:	19/10/2010
Fin prazo presentación proposicións:	03/11/2010
Orzamento de licitación:	Prezo sen IVE: 158.586,21 €
	IVE: 28.545,52 €
	Importe total: 187.131,73 €

Licitación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios para adxudicación dos servizos de "Redacción do Plan Especial de Protección e Reforma Interior de Núcleo Histórico de Camariñas"

Datos Xerais

Denominación: REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE NÚCLEO HISTÓRICO DE CAMARIÑAS (PEPRI)

Núm. expediente: 47/2010

Natureza: Contrato administrativo – Servizos

Suxeito a regulación harmonizada: Non

Tramitación: Ordinaria

Procedemento de adxudicación: Aberto

Forma de adxudicación: Aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación

Prazo de execución: 29 meses

Garantía provisional esixible: No

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído

Observacións:

Para a contratación destes servizos o Concello de Camariñas fai uso do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 08/10/2010.

Orzamento

Prezo sen IVE: 158.586,21 €

IVE: 28.545,52 €

Importe total: 187.131,73 €

Anuncios de contratación

Publicación na páxina Web: 19/10/2010

BOP: Núm.: 198, de 18/10/2010

DOG: Núm.: 201, de 19/10/2010

Prensa: Non

Requisitos específicos do contratista

Clasificación: non se esixe

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: segundo o establecido no prego de cláusulas

Prazo de presentación de ofertas

Data límite de presentación: quince días naturais seguintes a última data de publicación do anuncio de licitación no BOP, DOG ou no perfil do contratante do Concello de Camariñas (www.camarinas.net).

Documentación a presentar: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.

SOBRE A: "DOCUMENTACIÓN XERAL"

SOBRE B: "DOCUMENTACIÓN TÉCNICA"

SOBRE B1: "Memoria metodolóxica"

SOBRE B2: "Capacidade de adicación do equipo"

SOBRE C: "OFERTA ECONÓMICA"

Lugar de presentación das ofertas: Rexistro Xeral do Concello de Camariñas e nos termos do art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Cando a proposición se envíe por correo, o empresario deberá xustificar, dentro do prazo para a presentación de proposicións, a data da imposición do envío e anunciar ao órgano de contratación a súa remisión mediante telegrama ou Fax o mesmo día da imposición. A proposición orixinal deberá ser enviada por correo ou mensaxería urxente ao Rexistro xeral do Concello, non sendo admitida en ningún caso se non se recibe dentro dos 10 días naturais seguintes ao de remate do prazo de presentación das proposicións.

Entidade: Concello de Camariñas

Enderezo: Praza de Insuela, núm. 57 – 15123 – Camariñas (A Coruña)

Teléfono: 981 736000

Fax: 981 736319

Correo electrónico: correo@camarinas.dicoruna.es

Mesa de contratación

Presidente:

- D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde.

Vogais:

- D^a Sandra Insua Rial, concelleira delegada das áreas de Educación, Cultura e Deporte.
- D. Sergio Caamaño Fernández, concelleiro delegado das áreas de Desenvolvemento Sostible, Encaixe, Turismo e Traballo.
- D^a M^a Mercedes Martín González, concelleira delegada das áreas de Urbanismo e Obras Públicas.
- D. José Agustín Barca Cotelo, Xefe do Servizo Provincial de Urbanismo da Coruña, representante da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.
- D^a M^a Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.
- D. Marcos Vázquez Campaña, Interventor da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.
- D^a Asunción Méndez Vilalta, arquitecta do Concello.

Vogais suplentes:

- 1^o suplente: sra. Concelleira D^a M^a Carmen Linares Chica.
- 2^o suplente: sr. concelleiro D. Javier Cabrejo Triñanes.

Secretario:

- D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativo adscrito a Secretaría

Suplentes do secretario:

- 1^o suplente do secretario: D^a M^a Dolores Rey Bértola, funcionaria administrativa adscrita a Secretaría.
- 2^o suplente do secretario: D^a Alicia Queiro Pérez, técnica económico financeira do Concello.

Documentación

- [Anuncio http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/10/18/bop_198.pdf#page=54](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/10/18/bop_198.pdf#page=54)
- [Prego de cláusulas administrativas particulares \(galego\)](#)
- [Prego de Prescricións Técnicas \(Galego\)](#)



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE NÚCLEO HISTÓRICO DE CAMARIÑAS, TRAMITACIÓN ORDINARIA.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.- Constitúe o obxecto do presente contrato a realización dos traballos de redacción dun plan especial de protección e de reforma interior do núcleo histórico de Camariñas (PEPRI-01), segundo o PXOM aprobado inicialmente.

O centro histórico de Camariñas cuxa delimitación aparece reflectida no PXOM aprobado inicialmente, abrangue un total de 111,68 Ha. Acolle a práctica totalidade do casarío tradicional desta vila mariñeira. A construción relevante deste conxunto concéntrase ao longo do bordo litoral, o Cantón Miguel Feijóo e a rúa Alcalde Nogueira Patiño, pero sobre todo o núcleo tradicional, articulado a través dun viario transversal á antiga praia do Porto. Este primitivo rueiro artella un denso casarío tradicional con planta de améndoa, a base de vivendas nomeadamente unifamiliares que, nas últimas décadas, vén sendo notablemente deturpado, cando non destruído irremisiblemente.

O rueiro tradicional, que transita en paralelo de N a S, presenta unha anchura cativa de, aproximadamente, catro (4) metros, pensada orixinalmente para favorecer o tránsito de persoas e vehículos de tracción animal. A comunicación N-S establécese a través de dous (2) eixes principais.

- 1.- Rúa Real-Rúa da Fonte-Rúa Calvario-Rúa da Grixá.
- 2.- Rúa San Miguel-Rúa Areal-Travesía Eugenio López-Rúa Pinzón.

Estas rúas posúen en paralelo outra rede de arterias secundarias (rúa do Medio, rúa San Xurxo, rúa San Brais, rúa Hortensia ...) que transcorren de xeito ben paralelo, ben transversal a elas, conformando ocasionalmente pequenas prazas ou primitivamente curros, de forma espontánea (praza Colón, praza do Anxo, praza San Miguel...).

O núcleo orixinario de Camariñas foi ampliado de maneira escasamente planificada nas últimas décadas, favorecendo o seu desenvolvemento polo N, NW e principalmente polo Leste da beira da chamada "circunvalación", que leva por nome Avenida da Coruña e outro rueiro ortogonal de nova creación derivado daquela: Praza de Insuela, Rúa da Constitución, etc...

O patrimonio edificado foi maioritariamente desmantelado, nomeadamente o que daba fronte á fachada marítima, onde se inzaron edificios de vivendas cun volume e unha altura doutras escalas, que romperon a tipoloxía tradicional, a perspectiva, a proporción e a necesaria conectividade visual entre o núcleo e bordo litoral. Sen embargo a tipoloxía tipo deste casarío respondía e a que aínda se conserva responde a unha vivenda unifamiliar dunha ou dúas alturas levantadas entre medianeiras. O material dos paramentos aparece conformado por perpiaño irregular concertado (opus incertum) que deixa paso a unha plementería regular e ben demensionada nos ángulos do edificio e no contorno dos ocos de acceso e iluminación. Os panos murarios foron ideados para seren recibidos e caleados, unha práctica moi característica desta zona que veu caendo en desuso nos últimos anos por mor do gusto social do presente, descoñecedor en grande medidas das sabias técnicas construtivas da arquitectura tradicional pretérita.

As fachadas principais e secundarias das vivendas presentan ocos de disposición regular con portas flanqueadas por xanelas de tres e catro batentes no piso terreo que deixan paso a balcóns corridos -en ocasións convertidos en miradoiros de madeira e sustentados por vistosos canzorros- no andar superior. A conexión con estes elementos prodúcese a través de portas de aire de disposición regular e pautada. A cronoloxía xeral



deste casarío tradicional pode fixarse no século seguinte e primeira metade do XVIII, cando os mariñeiros de camariñas, constrúen ou renovan as súas residencias, se ben o século seguinte primeira metade do XX presenciaron a construción de vivendas de tipoloxía netamente vilega, pensadas e promovidas por persoas que non tiñan no sector primario extractivo a súa ocupación principal. Bo exemplo disto son a casa de rúa Alcalde Noguera Patiño, núm. 3, ou Casa das Romeiras.

Dentro do casto histórico atopámonos unha igrexa parroquial, o templo barroco de San Xurxo ademais dunha pequena capela, a da Nosa Señora do Carme, que nos dá idea da modesta ocupación que tivo en orixe esta aldea de pescadores.

O contido do Plan axustarse ao establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, así como RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, texto refundido da lei do solo, a lei 16/1985, do 25 de xuño de patrimonio histórico español, a lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia e ao Regulamento de Planeamento aprobado por RD 2159/1978 do 23 de xuño, Así mesmo axustarase ao prego de prescricións técnicas que forma parte integrante deste prego de cláusulas, tendo carácter contractual. Debendo de adaptarse os traballos obxecto do contrato a lexislación vixente que resulte de aplicable en todo momento ao longo do prazo de execución do contrato.

O presente contrato encádrase na categoría 12 (número de referencia CCP 867, e número de referencia CPV 71240000-2, Anexo II da lei 30/2007) dos contratos administrativos de servizos aos que se refire o artigo 10 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP).

En caso de contradición entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, prevalecerá o primeiro.

2.- ORZAMENTO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.- O prezo estimado deste contrato é de cento cincuenta e oito mil cincocentos oitenta e seis euros con vinte e un céntimos de euro (158.586,21 €), ao que se engade o 18% en concepto de IVE, o cal ascende á cantidade de 28.545,52 € sinalándose como tipo de licitación a cantidade cento oitenta e sete mil cento trinta e un euros con setenta e tres céntimos de euro (187.131,73 €), entendéndose incluídos neste prezo non soamente o IVE, senón tamén cantos outros tributos leve aparelada a execución do contrato; o importe pode ser mellorado á baixa.

Na contratación do servizo entenderase que os contratistas ao formularen as súas proposicións económicas incluíron nas mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que teña que estar indicado como partida independente, de conformidade co sinalado no art. 75.2 LCSP; entendéndose igualmente comprendido na oferta formulada polo licitador todo xénero de gastos.

Ao tratarse dun gasto de carácter plurianual financiarase conforme ao disposto no art. 174 do Texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e nos arts. 79 e seguintes do RD 500/1990, e a súa adxudicación queda sometida a condición de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato nos exercicios orzamentarios correspondentes.

3.- FINANCIAMENTO DO SERVIZO.- As obrigas económicas do contrato que se derivan para a Administración financiaranse con cargo á subvención concedida pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, por importe de 165.564,00 € e a cantidade restante de 21.567,73 € mediante achega deste Concello con cargo á partida 151.1017.609 dos orzamentos municipais durante os catro anos do contrato.

4.- REVISIÓN DE PREZOS.- Tendo en conta a natureza e característica deste contrato, contrato de resultado, con evidente predominio das prestacións de carácter intelectual e



a fixación dun tipo de licitación capaz de cubrir o relativo marxe de impredecibilidade, o prezo do contrato non experimentará variación algunha durante a súa vixencia, e non se admitirá revisión de prezos nin sequera no suposto de que durante esta sexa modificada a normativa urbanística ou a sectorial, que resulte de aplicación ao obxecto do presente contrato.

5.- DURACIÓN DO CONTRATO E FASES DE EXECUCIÓN.- A duración do presente contrato será de vinte e nove meses a contar desde o día seguinte a formalización do mesmo, non obstante e de conformidade co previsto no art. 279 da LCSP poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, en ningún caso a duración total do contrato (duración inicial máis prórroga/s acordada/s) poderá exceder dos corenta e oito meses.

Dadas as especiais características do obxecto do contrato o prazo previsto para a execución dos traballos suspenderase durante o tempo en que se estean a realizar trámites noutras administracións e que non dependan do contratista ou da Administración municipal, iniciándose a suspensión dende a data de saída da petición do informe ou sometemento do expediente ao informe da Administración correspondente e reanudándose dende a data de entrada da contestación ou do informe no Rexistro Xeral do Concello ou dende a data na que se produzan os efectos do silencio previsto na lexislación urbanística.

O contrato executarase segundo o seguinte PLAN DE ETAPAS OU FASES DE EXECUCIÓN. Nos prazos que se sinalarán a continuación deberán estar os documentos e traballos a disposición do Concello, de tal forma que o incumprimento dos mesmos imputable ao contratista determinará a imposición das penalidades as que se refire o presente prego.

1ª. INFORMACIÓN URBANÍSTICA E DIAGNÓSTICO

2ª. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

3ª. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL E PARA INFORME PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA

4ª. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

1ª. INFORMACIÓN URBANÍSTICA E DIAGNÓSTICO: Entrega do diagnóstico socioeconómico e territorial do ámbito obxecto de protección, expresando a estrutura territorial básica, amosando os problemas detectados e sinalando alternativas de accións posibles, o que constituirá o elemento central da memoria xustificativa do plan. En todo caso o contido deste documento deberase de axustar ao previsto no prego de prescrición técnicas. A entrega deberá de producirse no prazo de 5 meses a contar dende o día seguinte á formalización do contrato.

2ª. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL. Entrega do documento completo que permita a súa aprobación inicial polo Concello. En todo caso o contido deste documento deberase de axustar ao previsto no prego de prescrición técnicas. A entrega deberá de producirse no prazo de 4 meses a contar desde a prestación de conformidade polo Concello ao documento da 1ª fase.

3ª. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL E PARA INFORME PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA. Entrega do documento completo que permita a súa aprobación provisional polo Concello e a emisión do informe preceptivo e vinculante da Consellería, de acordo co previsto no art. 69.4 e 85 da lei 9/2002. En todo caso o contido deste documento deberase de axustar ao previsto no prego de prescrición técnicas. A entrega deberá de producirse no prazo de 5 meses a contar desde a prestación de conformidade polo Concello ao documento da 2ª fase.

4ª. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA Entrega do documento completo que permita a súa aprobación definitiva polo Concello. En todo caso o contido deste



documento deberase de axustar ao previsto no prego de prescrición técnicas. A entrega deste documento deberá de producirse no prazo de 10 meses desde a prestación de conformidade polo Concello ao documento da 3ª fase.

6.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.- Soamente poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que se indican no art. 43 e ss. da LCSP, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en ningunha prohibición de contratar previstas no art. 49 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

Independentemente do sinalado anteriormente:

A) os concursantes persoas físicas deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

B) As persoa xurídicas só poderán participar cando a prestación deste contrato estea incluída no obxecto social das mesmas, de acordo cos seus estatutos ou regras fundacionais.

C) Para as empresas non comunitarias, comunitarias e unións de empresarios, estarase ao disposto nos arts. 44, 47 e 48 da LCSP, respectivamente.

7.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.- En aplicación do artigo 25 do RD Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, por remisión da Disposición Transitoria Quinta da LCSP, non resulta esixible clasificación ao contratistas.

8.- UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS.- A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constituán temporalmente ao efecto, de conformidade co establecido no art. 48 da LCSP.

A estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán de indicar nomes e circunstancias dos que a constituán e a participación da cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán de presentar casa unha delas a documentación esixida na cláusula 13 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada uno dos integrantes da mesma.

No suposto de resultar adxudicataria, a Unión Temporal deberá formalizar a mesma, en escritura pública, así como presentar o CIF da Unión Temporal, todo elo dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación da adxudicación, e a duración da mesma será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en Unións Temporais quedarán obrigados solidariamente ante a Administración.

9.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.- A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato de acordo co art. 141 da LCSP.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co art. 134.1 da LCSP e co establecido na cláusula décima do presente prego.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

A mesa de contratación, de conformidade coa disposición adicional segunda, apartado 10 da LCSP, estará presidida polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, e estará integrada polos seguintes membros:

Presidente:

- D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde.

Vogais:

- D^a Sandra Insua Rial, concelleira delegada das áreas de Educación, Cultura e Deporte.
- D. Sergio Caamaño Fernández, concelleiro delegado das áreas de Desenvolvemento Sostible, Encaixe, Turismo e Traballo.
- D^a M^a Mercedes Martín González, concelleira delegada das áreas de Urbanismo e Obras Públicas.
- Un representante da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas designado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
- D^a M^a Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.
- D. Marcos Vázquez Campaña, Interventor da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.
- D^a Asunción Méndez Vilalta, arquitecta do Concello.

Vogais suplentes:

- 1^o suplente: sra. Concelleira D^a M^a Carmen Linares Chica.
- 2^o suplente: sr. concelleiro D. Javier Cabrejo Triñanes.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativo adscrito a Secretaría

Suplentes do secretario:

- 1^o suplente do secretario: D^a M^a Dolores Rey Bértola, funcionaria administrativa adscrita a Secretaría.
- 2^o suplente do secretario: D^a Alicia Queiro Pérez, técnica económico financeira do Concello.

10.- CRITERIOS DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.- Serán obxecto de valoración ponderada, segundo a puntuación que se establece, os seguintes criterios:

10.1.- Memoria metodolóxica: ata 40 puntos. (Criterios cuxa valoración dependen dun xuízo de valor).

Valorarase como aspecto de especial importancia a metodoloxía a empregar no desenvolvemento do traballo, en función da súa adecuación aos obxectivos que se pretenden acadar co planeamento proposto e á política de actuación urbanística plantexada para a súa consecución; por tal motivo valorarase en primeiro lugar a axeitada formulación do traballo en atención á concreta realidade territorial e social do Concello de Camariñas, ata 15 puntos.

O axeitamento dos métodos de información e diagnose territorial, ata 10 puntos.

A idoneidade dos sistemas de produción de textos, cadros, bases de datos e planos, ata 10 puntos.

A proposta metodolóxica respecto da información ao público (trípticos/documentos explicativos do contido do plan de fácil comprensión...formulas de participación cidadá...) e a relación con outras institucións ou organismos, para o que os licitadores poderán presentar exemplos ou mostras do método que propón, ata 5 puntos.

10.2.- Capacidade de adicación do equipo proposto: ata 50 puntos. (Criterios cuxa valoración non depende dun xuízo de valor)



- A relación dos medios persoais que o contratista porá de forma real e permanente para a realización dos traballos. Sendo obxecto de computo neste apartado a xornada laboral ou porcentaxe da mesma que o equipo destinará en exclusiva á redacción do plan especial de protección e de reforma interior do núcleo histórico de Camariñas (PEPRI-01), debendo de especificarse en cada unha das fases de execución, plan de etapas, o número de horas que adicarán cada un dos membros do equipo, ata 10 puntos. Fórmula: Puntuación da oferta = (número de horas totais ofertadas/ número máximo total de horas ofertadas) x 10

- En relación coa cláusula 13 (solvenza técnica), pola presenza de maior número de especialistas con titulación universitaria dos esixidos con carácter mínimo, puntuarase do seguinte xeito:

a) Director do Plan:

- Arquitecto urbanista, 5 puntos.

b) Licenciado en dereito:

- Titulación universitaria, 5 puntos.

- Formación específica en urbanismo (acreditada mediante a presentación do correspondente título emitido por organismo oficial, no que se deben de especificar o número de horas, sendo o número mínimo aos efectos de computar este apartado 160 horas), 5 puntos.

c) Arqueólogo, 5 puntos

d) Licenciado en historia do arte, 5 puntos

e) Outros especialistas con titulación universitaria igual ou superior a esixida para formar parte do equipo multidisciplinar, 2,5 puntos ata un máximo de 5 puntos.

A disposición periódica de visitas de traballo ao Concello, concretarase o número de visitas ao mes (mínimo unha), entenderase que cada unha delas ten unha duración dunha xornada laboral completa, ata 10 puntos. Puntuación da oferta = (número de visitas ofertadas / número máximo de visitas ofertadas) x 10.

10.3.- Oferta económica: ata 10 puntos. (Criterio cuxa valoración non depende dun xuízo de valor).

De 0 a 10 puntos. (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan) Calcularase aplicando a seguinte fórmula

$(\% \text{ de baixa da oferta } \times \text{ puntuación máxima}) / (\% \text{ de baixa da oferta máis económica}).$

11.- ANUNCIO.- En cumprimento do establecido no art. 126 da LCSP o anuncio de licitación publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no Diario Oficial de Galicia e no perfil de contratante do Concello de Camariñas.

12.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS (LUGAR E PRAZO).- As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto neste prego e ao indicado no art. 129 da LCSP e presentarase de 9 a 14:00 horas no Rexistro Xeral do Concello de Camariñas, no prazo de quince días naturais contados a partir da inserción do último anuncio no BOP, DOG ou no perfil do contratante.

Os licitadores deberán entregar as plicas pechadas e asinadas, acompañadas da documentación que prescribe o art. 130 LCSP e cos requisitos esixidos no presente prego.



Cando a proposición se envíe por correo, o empresario deberá xustificar, dentro do prazo para a presentación de proposicións, a data da imposición do envío e anunciar ao órgano de contratación a súa remisión mediante telegrama ou Fax o mesmo día da imposición. A proposición orixinal deberá ser enviada por correo ou mensaxería urxente ao Rexistro xeral do Concello, non sendo admitida en ningún caso se non se recibe dentro dos 10 días naturais seguintes ao de remate do prazo de presentación das proposicións.

Non se admitirán variantes ou alternativas.

13.- DOCUMENTACIÓN.- Os licitadores deberán de presentar tres sobres, pechados e asinados polo mesmo ou persoa que o represente, facendo constar o nome do licitador, teléfono, correo electrónico e Fax. Os sobre irán identificados no seu exterior coa seguinte lenda:

SOBRE (indicar do que se trata: A, B ou C) PROCEDIMIENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE NÚCLEO HISTÓRICO DE CAMARIÑAS

SOBRE A " DOCUMENTACIÓN XERAL " Conterá a seguinte documentación:

A) DOCUMENTO ACREDITATIVO DA CAPACIDADE DAS EMPRESAS.

A.1.- EMPRESARIO INDIVIDUAL:

Fotocopia do DNI e NIF, ou documento que o substitúa.

A.2.- PERSOAS XURÍDICAS

Escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada

A.3.- EMPRESAS COMUNITARIAS

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4.- EMPRESAS NON ESPAÑOLAS DE ESTADOS SIGNATARIOS DO ACORDO SOBRE O ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO (ISLANDIA, LIECHTENSTEIN E NORUEGA).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 17 LCSP)

A.5.- EMPRESAS NON COMUNITARIAS

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente, ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.



2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

A.6.- DISPOSICIÓN COMÚN A EMPRESAS EXTRANXEIRAS (COMUNITARIAS OU NON COMUNITARIAS):

DECLARACIÓN DE SOMETEMENTO Á XURISDICIÓN DE TRIBUNAIS E XULGADOS ESPAÑOIS.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitador (art. art. 130.1 d) da LCSP).

B) EMPRESAS EXTRANXEIRAS E SUCURSAL EN ESPAÑA.

De acordo co art. 44.2 da LCSP, non se esixe ter aberta sucursal en España dado que non se trata dun contrato de obras.

C) PODER E BASTANTEO

PODER

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa Xurídica deberá acompañarse Poder Notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome actuará ante a Administración Contratante.

O poder deberá estar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo regulamento do rexistro mercantil.

BASTANTEO

Os poderes a que se refire o apartado anterior deberán bastantearse previamente pola Secretaría da Corporación ou funcionario habilitado.

DNI DE APODERADOS

Acompañarase fotocopia compulsada do DNI do apoderado ou apoderados.

D) PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR OU INCOMPATIBILIDADES.

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no art. 130 e 49 LCSP axustado ao seguinte modelo:

D.con DNI..... e domicilio enen nome propio ou en representación da empresa a que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (título do contrato)

declara responsablemente:

1ª Que nin a empresa nin ningún dos seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 49 e 130. 1c) da LCSP

2ª Que a empresa se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

(Localidade, data e sinatura)



E) ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA ECONÓMICO - FINANCEIRA E TÉCNICA OU PROFESIONAL.

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios aos que se refire o artigo 64 da LCSP.

As persoas naturais ou xurídicas que pretendan contratar coa Administración deberán de acreditar a súa solvencia técnica (art. 67 da LCSP) mediante a aportación da seguinte documentación:

- A) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúan o importe, as datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados seranlle comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
- B) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade, así como as titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- C) Declaración en que se indique a descrición das instalacións técnicas, material e equipamento técnico, medios de estudo e investigación da empresa así como das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade do traballo realizado, o material e o equipamento técnico de que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á cal se lle xuntará a documentación acreditativa pertinente.
- D) No seu caso, indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

Aos efectos de acreditar a solvencia técnica, e sen prexuízo do sinalado anteriormente deberá de achegarse a seguinte documentación:

1) Documento no que a empresa licitadora se comprometa a ter como Director do Plan con capacidade suficiente para representala en todo e canto afecte a este, a un especialista con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclo, responsable da dirección do equipo redactor durante o tempo de redacción do plan. Deberá acreditarse a experiencia do director do plan en proxectos de natureza análoga nos que participase, aportando a tal efecto certificación detallada na que se exprese:

- Os traballos de urbanismo realizados e aprobados definitivamente, tanto a nivel individual como en equipo, diferenciando:

- Plans especiais de protección.

- Figuras de planeamento xeral (plan xeral de ordenación, proxecto de ordenación do medio rural, normas subsidiarias, delimitacións de solo urbano).

- Traballos de planeamento de desenvolvemento (plans parciais, plans de sectorización, plans especiais).

- Outros traballos realizados no ámbito do urbanismo ou do patrimonio aprobados definitivamente.



2) A certificación acreditativa da experiencia do Director do plan deberá ser expedida por algún dos seguintes organismos:

- A administración contratante.
- A administración competente que tramitou, aprobou o plan ou figura declarada.

Non se valorará a experiencia profesional, aínda que estea correctamente acreditada, naqueles casos en que o planeamento redactado fose anulado por sentenza xudicial firme ou suspendido pola administración competente.

3) A redacción do plan deberá ser realizada por un equipo multidisciplinar formado por un mínimo de dous especialistas con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclo, dos que como mínimo, un deles terá que ser arquitecto. Xuntarase compromiso expreso de adicación dos membros do equipo á realización dos traballos obxecto de licitación e currículo detallado cos datos persoais, académicos e profesionais de cada un deles con especial referencia aos extremos indicados no punto 1) e 2) anteriores (Relación de traballos de urbanismo realizados e forma de acreditación).

F) UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co art. 48 da LCSP e o presente prego.

G) DECLARACIÓN DE EMPRESAS VINCULADAS

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos aos que se refire o art. 129 LCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando dita circunstancia e o nome e denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas polas empresas vinculadas que concorran á licitación.

H) AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA A OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL CO ESTADO EN PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN.

Axustarase ao seguinte modelo:

D./D^a: con residencia: provincia de: rúa: núm.: segundo DNI núm.:
en nome propio ou da empresa: á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de servizos - Título:

Autoriza á Administración contratante para que solicite a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que a o órgano de contratación considere oportuno.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

I) ÍNDICE DE DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O SOBRE.

Constará, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

SOBRE B " DOCUMENTACIÓN TÉCNICA ". Dentro deste sobre incluíranse dous sobres coas seguintes denominacións.



SOBRE B 1- Memoria metodolóxica.

SOBRE B 2- Capacidade de adicación do equipo.

Conterán os documentos onde se reflectan as características técnicas da oferta do licitador, en relación coa realización do obxecto da licitación, e o previsto no presente prego e no de prescricións técnicas. Inclúiranse neste sobre todos os documentos xustificativos para a avaliación da oferta en función dos criterios de adxudicación contidos na cláusula 10 do presente prego, agás o factor prezo. Así o SOBRE B1 reflectará o previsto na cláusula 10.1 e SOBRE B 2 o previsto na cláusula 10.2.

Constará, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

SOBRE C " OFERTA ECONÓMICA" conterá a proposición económica formulada estritamente conforme ao seguinte modelo:

D. con domicilio en.....provincia derúa de..... nº, con Documento Nacional de identidade número(pasaporte ou documento que substitúa), actuando en nome propio (ou representación de.....DNI ou CIF nº..... e con domicilio en..... nº.....teléfono..... toma parte no CONTRATO (título do contrato) e a cuxos efectos fai constar:

1º Que ofrece o seguinte prezo referido á totalidade da duración do contrato.

A) Prezo sen IVE €

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE).....€

C) TOTAL (A+B).....€

2º Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato.

3º Que acompaña a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

Ena de de 2010.

(Sinatura do licitador).

14.- DOCUMENTOS ORIXINAIS E COPIAS.- Os documentos que se acompañen deberán ser orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas pola Secretaria ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

15.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS E ADXUDICACIÓN.-

Previamente ao acto de apertura de proposicións, a Mesa de Contratación, constituirase formalmente para proceder á apertura dos sobres A correspondentes á documentación administrativa, polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións subsanables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da mesa de contratación), estarase ao disposto nos art. 144 da LCSP e normativa de desenvolvemento.

15.1.-Apertura e valoración das ofertas. Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas:

1ª fase: ponderación dos criterios cuxa valoración dependen dun xuízo de valor.

2ª fase: ponderación dos criterios cuxa valoración non depende dun xuízo de valor.

Procedemento:



En sesión pública da mesa de contratación o seu presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

A continuación realizarase a apertura do SOBRE B-1, procedéndose ao seu estudo e avaliación pola mesa de contratación. Neste caso a mesa poderá solicitar, cantos informes considere precisos respecto dos factores de adxudicación.

Unha vez sexa valorado o SOBRE B-1, procederase a convocatoria dunha nova sesión pública da mesa na que se procederá á apertura dos SOBRES B 2 e C.

A apertura dos SOBRES B e C será pública non obstante a deliberación e os traballos da mesa non serán públicos.

15.2.- Rexeitamento de proposicións.

15.2.1.- Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

15.2.2.- A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

15.2.3.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

15.2.3.1.- Cando o órgano de Contratación presuma fundadamente que a proposición non se poida cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o seguinte apartado da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

15.2.3.2.- Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se atopan nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é temeraria se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior ao 16,67%.
- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta temeraria se é inferior a outra en máis dun 13,33%.
- Número de ofertas: 3. Serán ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67 de dita media. Sen



embrago, excluíranse do computo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% da mesma. En calquera caso, consideraranse temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 16,67 %.

- Número de ofertas: 4 o máis. Consideráranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% de dita media. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% da mesmas, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

- 1º - A xeitada xustificación dos prezos ofertados.
- 2º - Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores discapacitados (non inferior ao 2%) de conformidade co establecido na disposición adicional 6ª da LCSP.

15.3 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da mesa de contratación, c) antes da formalización do contrato, d) o inicio e execución dos traballos, e) a recepción, etc. faculta á Corporación para que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en LCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

A renuncia do licitador en curso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acordara a adxudicación no prazo de 2 meses, a contar desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 145.4 do LCSP.

16) ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN.

O órgano de contratación clasificará por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non teñan sido declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderase aos criterios sinalados no prego de cláusulas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

O órgano de contratación requirirá ao licitador que teña presentado a oferta economicamente máis vantaxosa para que, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte ao que houberse recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

- a) Xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b) Xustificación de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 84 da L.C.S.P.

A administración poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fora rexeitado pola administración.

c) Alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe ou epígrafes correspondentes ás prestacións obxecto do contrato e unha declaración responsable firmada polo contratista indicando non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto. No caso de ter obriga a empresa de tributar por este imposto, copia auténtica do pago do último recibo do mesmo; en caso contrario, declaración xurada de non estar obrigado ao pago deste imposto.

d) Xustificar que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a adicar ou adscribir á execución do contrato.

De non cumprirse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador ten retirado a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a documentación ao licitador seguinte, pola orde no que teñan quedado clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá de proceder a adxudicar o contrato no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no presente prego.

A adxudicación deberá ser motivada, se notificará aos licitadores e, simultaneamente, se publicará no perfil do contratante.

17.- FORMALIZACIÓN.- O contrato formalizarase en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos (art. 140.1 LCSP).

Cando por causas imputables ao contratista non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a súa resolución ao amparo da letra d) do art. 206 LCSP, e acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional.

Se as causas da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que lle ocasionara a demora, con independencia de que poida solicitar a resolución do contrato ao amparo da letra d) do art. 206 LCSP.



18.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.- O contrato executarase a risco e ventura do contratista, con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos e de acordo coas instrucións que dea o órgano de contratación ao contratista para a súa interpretación.

Dentro do concepto de risco e ventura do contratista enténdense expresamente incluídas as adaptacións que ao longo da execución do contrato deba realizar o contratista a consecuencia das modificacións que se poidan ir producindo no marco normativo de aplicación (fundamentalmente lexislación urbanística, medio ambiental e de Patrimonio Cultural). Esta asunción do risco e ventura por parte do contratista no relativo ás modificacións legislativas estenderase ata o momento de remate do contrato.

As modificacións legislativas ao longo da execución do contrato non suporán modificación contractual e en ningún caso conlevarán alteración do prezo do contrato. Non obstante, se así o solicita o contratista, si poderán implicar un aumento do período de execución; o Concello, oído o contratista, decidirá o novo plan de etapas.

Tal e como se prevé no artigo 281 da LCSP, o contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros, das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Inclúese tamén dentro da execución deste contrato o mantemento de cantos contactos, entrevistas, reunións, asistencias a comisións informativas ou doutro tipo, etc. resulte preciso realizar coas diferentes persoas, entidades ou organismos que, dalgún xeito, influan ou participen no proceso de elaboración e aprobación do Plan.

Agas no supostos de forza maior, o contratista non poderá substituír ao persoal facultativo do equipo redactor, sen a expresa autorización do órgano de contratación.

O adxudicatario nomeará dous interlocutores do equipo co Concello, que xunto co director do equipo poderán ser requiridos para a realización de reunións coa Administración. Aos efectos do seguimento da elaboración dos traballos o adxudicatario facilitará ó persoal que designe o Concello a visita e exame de calquera fase dos traballos, e presentará no Concello os informes pertinentes sobre o desenvolvemento dos traballos cando sexan solicitados.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, dando cumprimento igualmente aos prazos parciais. De cada unha das entregas de documentación ás que se refiren as fases do presente prego, se deixara constancia mediante a presentación da documentación no rexistro xeral do Concello e/ou mediante a extensión da correspondente acta de entrega. O Concello deberá de prestar a súa conformidade a documentación entregada mediante acto expreso no prazo dun mes a contar desde a entrega. A administración determinará se a prestación realizada se axusta ás prescricións establecidas para a execución e cumprimento do contrato, requirindo no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados.

19.- DEREITOS E OBRIGAS.-

O contratista terá dereito:

Ao abono do prezo convido, ao abeiro das condicións establecidas no contrato, correspondentes aos traballos efectivamente realizados e finalmente recibidos polo Concello e conforme aos prazos de pagamento establecidos no presente prego.

Ao abono dos xuros de demora no pagamento das facturas, segundo a normativa vixente.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

A coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.

A subcontratar e ceder o contrato, de acordo co previsto no presente prego e na LCSP.

Á devolución da garantía definitiva, unha vez realizada a prestación de servizos, aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía sen que resultasen responsabilidades que houberen de exercitarse sobre esta.

A exercitar o dereito de resolución do contrato polas causas previstas na LCSP.

A percibir indemnizacións polos danos e prexuízos derivados da resolución do contrato por incumprimento da Administración.

A recibir da Administración a colaboración e a información urbanística necesarias en poder da administración que requira e que sexa necesaria para a execución do contrato.

Obrigas:

O adxudicatario queda obrigado a executar os traballos indicados con estrita suxeición ás estipulacións contidas neste prego e nas prescricións técnicas e ao estrito cumprimento de cantas disposicións de carácter laboral e fiscal sexan de aplicación ao contrato, sendo da súa conta e risco todo o referente a accidentes de traballo e enfermidades profesionais, normas de seguridade e hixiene e de protección á industria.

O contratista someterase á obriga de confidencialidade da información nos termos establecidos no art. 124 da LCSP. Vén igualmente obrigado a gardar sigilo respecto aos datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e foran do seu coñecemento con ocasión do mesmo.

O persoal adscrito aos traballos dependerá exclusivamente do contratista, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario respecto do mesmo. En xeral, o contratista responderá de cantas obrigas lle veñen impostas no seu carácter de empregador, así como do cumprimento de cantas normas regulan e desenvolven a relación laboral ou doutro tipo, existente entre el e os seus traballadores, sen que poida repercutir contra a Administración ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que, por incumprimento dalgunha delas, puideran imporlle os organismos competentes.

O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato.

Á extinción do contrato non poderá producirse, en ningún caso, a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do órgano de contratación.

En calquera caso, o contratista indemnizará á Administración de toda cantidade que se vise obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas neste prego, aínda que lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.

Dentro do obxecto do contrato enténdese expresamente incluída a obriga do contratista de informar todas e cada unha das alegacións que poidan ser plantexadas (fundamentalmente durante o período de información pública) durante o proceso de tramitación do Plan.

Vén igualmente obrigado o contratista a poñer a disposición do Concello, durante as fases de información pública, unha oficina permanente nas dependencias municipais formada por membros do equipo redactor, durante o horario que se acorde.

Sen prexuízo, dos informes técnicos e xurídicos que deban ser emitidos polos propios servizos do Concello antes da aprobación municipal do Plan, o contratista queda obrigado



á súa vez a realizar informe técnico e informe xurídico do Plan antes de calquera aprobación municipal. Nos mesmos recollerase pronunciamento expreso sobre se o Plan que se somete a aprobación conta con toda a documentación precisa, recabou cantas comunicacións, informes sectoriais, autorizacións, etc. resulten preceptivos e seguiu a tramitación legalmente prevista para a súa aprobación. Igualmente se recollerá pronunciamento expreso sobre o carácter substancial ou non de calquera variación que se introducira no Plan, con respecto a aquel que foi obxecto de información pública. Tamén resulta obrigado o contratista á emisión de calquera outro informe técnico ou xurídico que lle poida ser solicitado polo Concello sempre que, obviamente, garde relación co proceso de elaboración e aprobación do Plan.

Corresponderá e será a cargo do contratista:

- A obtención das autorizacións e licenzas, documentos ou calquera información tanto oficial coma particular, que se requira para a realización do servizo contratado.
- Os informes precisos para a correcta execución do servizo contratado.
- A indemnización dos danos que se causen tanto á Administración como a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do servizo, agás cando eses danos teñan sido ocasionados como consecuencia dunha orde inmediata e directa da Administración.

Estas e cantas outras obrigas lle correspondan ao contratista en execución do contrato (en función do presente prego e do de prescricións técnicas ou a normativa que resulte de aplicación), serán cumpridas na fase de execución do contrato e no momento concreto que resulte oportuno para levar a bo fin a aprobación do PEPRI-01.

Son tamén dereitos e obrigas da Administración contratante as previstas na normativa vixente e especialmente, a interpretación do contrato e a resolución das dúbidas que xurdan en relación co cumprimento do presente prego e correspondente contrato.

20. FORMA DE PAGAMENTO.- O adxudicatario ten dereito ao aboamento do prezo convido de acordo coas condicións establecidas no contrato, correspondente aos traballos efectivamente realizados e formalmente recibidos pola Administración.

O pagamento efectuarase pola Tesourería do Concello, mediante pagos parciais por cada unha das fases de execución do contrato, nos termos previstos neste prego, executada cada fase e recibida debidamente (á conclusión de cada fase, subscribirase acta de recepción parcial e de conformidade a asinar polo contratista e o Alcalde), o pagamento realizarase, previa presentación de factura emitida polo contratista, na que será repercutido como partida independente o Imposto sobre o Valor Engadido no documento que se presente para o cobro, e conforme aos prazos previstos na lexislación.

Non obstante e unha vez cumprido o requisito do paragrafo anterior (acta de recepción e prestación de conformidade), as cantidades a aboar, sempre en función do importe da adxudicación, serán as seguintes e nos seguintes momentos:

- 1º aboamento correspondente ao 20% do prezo de adxudicación, á sinatura do contrato.
- 2º aboamento, correspondente ao 30% do prezo de adxudicación, á aprobación inicial.
- 3º aboamento, correspondente ao 30% do prezo de adxudicación, á remisión do plan para informe previo á aprobación definitiva á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- 4º aboamento, correspondente ao 20% do prezo de adxudicación, á aprobación definitiva.



21.- GASTOS.- Sen prexuízo doutros que puideran corresponderlle, serán de conta do adxudicatario os gastos de impostos, tributos, Valor Engadido (que irá dentro do prezo de adxudicación), anuncios que puidera xerar o procedemento (ata un máximo de 1.500 €) e, no seu caso, os de formalización do contrato en escritura pública, segundo o sinalado neste prego.

Ao xestionar cantas autorizacións ou permisos administrativos ou doutro tipo que puideran ser necesarios para a execución completa do obxecto do contrato, deberá aboar, á súa costa, todos os gastos que se devenguen para a xestión das mesma.

Ao vir obrigado o contratista a xestionar cantas autorizacións ou permisos administrativos ou doutro tipo que fosen necesarios para a execución completa do obxecto do contrato, deberá aboar, á súa costa, todos os gastos que deles se deriven.

22.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.- O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, dando cumprimento igualmente aos prazos parciais que inclúe o mesmo.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración. A imposición de penalidades consecuentes co retraso aplicarase automaticamente polo órgano de contratación.

Cando o contratista por causas que lle son imputables incorrese en mora respecto ao cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente, na forma e condicións establecidas no art. 196 da LCSP, pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 € por cada 1000 € do prezo do contrato e demais penalidades establecidas no citado artigo.

Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de Contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. O importe das penalidades non exclúe a indemnización a que puidese ter dereito a Administración por danos e prexuízos orixinados pola demora do contratista.

A administración terá a mesma facultade a que se refiren os parágrafos anteriores respecto ao incumprimento dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento dos mesmos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprimento do prazo total.

Se o retraso fose por motivos non imputables ao contratista estarase ao disposto no art. 197.2 da LCSP.

23.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.- Nin o contratista nin o responsable do servizo poderán introducir ou executar modificación ningunha no obxecto do contrato sen a debida aprobación previa e, no seu caso, do presuposto correspondente polo órgano de contratación. As modificacións que non estean debidamente autorizadas pola Administración orixinarán responsabilidade no contratista, quen virá obrigado a refacer a parte dos servizos que resulte afectada por aquelas, sen aboamento ningún.

Cando como consecuencia da modificación do contrato de servizos acordada conforme ao establecido no art. 202 da LCSP, se produza un aumento, redución ou supresión de servizos ou substitución duns por outros, sempre que os mesmos estean contidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña dereito ningún, no caso de supresión ou redución de unidades ou clases de servizos, a reclamar indemnización por esas causas, sempre que non se encontren nos casos previstos na letra c) do art. 284 da LCSP.



24.- RECEPCIÓN.- A recepción final dos traballos obxecto do contrato efectuarase de acordo co previsto nos arts. 205 e 283 da LCSP. A constatación da correcta execución do obxecto do contrato acreditarase mediante un acto formal e positivo de recepción ou conformidade, no prazo de dous meses seguinte á entrega das prestacións redactándose unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles, co que se dará comezo ao prazo de garantía; cando as prestacións non se atopen en estado de seren recibidas, farase constar así na acta fixando prazo para remediar os defectos observados.

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rexeitar os mesmos, quedando exento da obriga do pagamento ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.

25.- PRAZO DE GARANTÍA.- Recibido o obxecto do contrato, seguirá sendo obriga do contratista a emisión dos informes técnico-xurídicos que resulten necesarios en relación cos recursos que poidan plantexarse fronte ao Plan.

O prazo de garantía terá unha duración mínima de un ano contado dende a recepción dos traballos. Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado a preparar os informes técnico-xurídicos que resulten necesarios en resposta ás alegacións ou recursos (tanto administrativos como xudiciais) que poidan deducirse fronte aos actos municipais de tramitación e aprobación do Plan ou outras actuacións municipais directamente vinculadas co obxecto do presente contrato e con transcendencia fronte a terceiros. Virá igualmente vinculado o contratista ao mantemento e actualización dos traballos, seguindo, se é o caso, as instrucións que reciba do responsable dos mesmos.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a emenda dos mesmos.

Rematado o prazo de garantía sen que a Administración teña formalizado ningún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade por razón da prestación efectuada, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigas pendentes, aplicándose ao pagamento destas últimas o disposto no art. 200.4 da LCSP.

26.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS REALIZADOS.- O resultado do contrato será propiedade do Concello de Camariñas, podendo solicitar en calquera momento os documentos que o integren con todos os seus antecedentes, datos ou procedementos. Quedarán en propiedade do Concello de Camariñas tanto o servizo recibido como os dereitos inherentes aos traballos realizados, a súa propiedade industrial e comercial, reservándose a Administración a súa utilización, non podendo ser, no seu caso, obxecto de comercialización, reprodución ou outro uso non autorizado expresamente polo Concello.

O contratista terá a obriga de entregar ao Concello de Camariñas todos os datos empregados durante o desenvolvemento do obxecto do contrato. Así mesmo, os dereitos de explotación do resultado do obxecto do contrato quedarán en propiedade exclusiva da Administración municipal, sen que poidan ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización do órgano de contratación.



O contratista deberá de entregar un número de copias suficientes do Plan para a realización da cada un dos trámites de aprobación do mesmo, tanto en formato dixital como en papel.

27.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.- Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, cos dereitos que se establecen nos mesmos.

Así mesmo, constituirá causa de resolución do contrato imputable ao contratista:

- a) O incumprimento da obriga de gardar sxiilo, establecida neste Prego.
- b) O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato. A estes efectos, entenderase producido o abandono cando a prestación non se desenvolva coa regularidade adecuada ou cos medios humanos ou materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se dea este suposto, a Administración, antes de declarar a resolución, requirirá ao contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar dende o requirimento.
- c) A incursión do contratista durante a vixencia do contrato nalgunha das prohibicións ou incompatibilidades sinaladas pola normativa vixente.
- d) A reiteración de tres faltas graves ou dúas moi graves, das especificadas no presente prego.

28.- RESPONSABLE DO CONTRATO.- De conformidade co previsto no art. 41 da LCSP, con obxecto de supervisar a execución do contrato e de informar para adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa finalidade de asegurar a correcta realización da prestación pactada, o órgano de contratación poderá designar a un responsable do contrato.

29.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.- Os dereitos dimanentes do contrato poderán ser cedidos a terceiros, de conformidade cos requisitos establecidos no art. 209 da LCSP.

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación. No seu caso a porcentaxe máxima a subcontratar, logo de comunicación e, no seu caso, autorización polo órgano de contratación, será do 50% dos traballos previstos, e non superar o 50% do presuposto de adxudicación do contrato.

O subcontratista quedará só obrigado ante o contratista principal, que é quen asume a total responsabilidade na execución do contrato, sendo o contratista principal o responsable.

30- PENALIZACIÓNS.-

De conformidade co establecido no art. 196 da LCSP, e nos supostos previstos en dito artigo, o Concello de Camariñas poderá impoñer as seguintes penalidades:

Faltas leves: consideraranse faltas leves aquelas que, afectando desfavorablemente á prestación contratada, non sexan debidas a unha actuación voluntaria, ou deficiencia na actuación profesional, nin impidan a aprobación dos traballos contratados. A penalización será de 1 a 500 euros.

Faltas graves: consideraranse así aquelas que afecten desfavorablemente á prestación contratada e sexan consecuencia dunha actuación consciente ou dunha realización deficiente da actividade profesional. En todo caso consideráranse como tales o incumprimento do réxime de visitas e de atención ao público propostos na oferta presentada. A penalización será de 501 a 1.500 euros.

Faltas moi graves: aquelas actuacións voluntarias que afecten gravemente ao valor económico da prestación contratada ou impidan a aprobación dos traballos obxecto do



contrato. En todo caso consideráranse como tales o incumprimento das ordes ou instrucións que dea por escrito o Concello de Camariñas. A penalización será de 1.501 a 5.000 euros.

As penalizacións por comisión de faltas serán impostas polo órgano de contratación logo de audiencia á empresa adxudicataria, mediante a correspondente resolución, na que o importe das penalizacións será deducido da primeira factura que se estenda ou nas sucesivas de ser esta insuficiente.

A acumulación de faltas graves o moi graves poderá ser motivo de resolución do contrato de conformidade co disposto na LCSP e no presente prego.

31.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.- O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente poderá modificar os contratos formalizados e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento.

Os acordos que dite o órgano de contratación no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

32.- NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCION COMPETENTE.- O presente contrato ten carácter administrativo de servizos, polo que rexe pola normativa específica de contratos de servizos da LCSP e ambas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e, se é o caso, da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do art. 149.1.18 da Constitución, así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo órgano de contratación, do que os acordos poñerán fin á vía administrativa e, contra estes, caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas, composto por vinte e unha follas incluída a da presente dilixencia, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local de data oito de outubro de dous mil dez.

A Secretaría,



Asdo.: M^a Loreto López Fernández.



PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A REDACCIÓN DUN PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN

1. OBXECTO

O presente documento ten por finalidade establece-los requisitos técnicos para a redacción dun plan especial de protección (en diante PEP) que teña por obxecto preservar o patrimonio cultural de asentamentos de carácter histórico ou de singular valor arquitectónico. O seu contido se axusta ao disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante LOUG) e na Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG). Se axustará, así mesmo, ao Regulamento de planeamento aprobado por Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño (en diante RP), naquelas cuestións que non se opoñen ao disposto nas citadas leis e á Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. En todo o que non quede especificado neste prego serán de aplicación os preceptos da lexislación citada. Igualmente serán directamente aplicables as determinacións que conteñan as Normas Técnicas de Planeamento que sexan aprobadas pola Xunta de Galicia de acordo co previsto no artigo 50 da LOUG.

De acordo coa definición do artigo 69 da LOUG, os plans especiais de protección teñen por obxecto preservar o medio ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as áreas forestais, os espazos produtivos, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores de interese. Así mesmo, poderán ter como finalidade a protección, rehabilitación e mellora dos elementos máis característicos da arquitectura rural, das formas de edificación tradicionais, dos conxuntos significativos configurados por elas e dos núcleos rurais histórico-tradicionais.


Poderán afectar a calquera clase de solo e mesmo estenderse a varios termos municipais, co fin de abarcar ámbitos de protección completos, e poderán establecer as medidas necesarias para garantir a conservación e recuperación dos valores que se deban protexer, polo que impondrán as limitacións que resulten necesarias, mesmo con prohibición absoluta de construír.

Estes plans ordenarán os conxuntos históricos que, de acordo co artigo 8.4 da LPCG, están constituídos pola agrupación de bens inmobles que forman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, condicionada por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana, por ser testemuño da súa cultura ou constituír un valor de uso e gozo para a colectividade, aínda que individualmente non teñan unha especial relevancia.

Os plans especiais de protección tamén poderán ordenar os xardíns históricos, as zonas paleontolóxicas, os sitios ou territorios históricos, as zonas arqueolóxicas e os lugares de interese etnográfico, de acordo co artigo 48 da LPCG.

Así mesmo, estes plans poderán ordenar os núcleos rurais histórico-tradicionais e os conxuntos significativos da arquitectura rural tradicional, así como os bens de carácter etnográfico que constituían restos físicos do pasado tecnolóxico, produtivo e industrial galego.

Estes plans conterán as determinacións esixidas pola lexislación sobre patrimonio cultural e, no seu caso, o catálogo previsto no artigo 75 da LOUG e deberán, en congruencia coa súa





escala respectiva, estar en consonancia cos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, segundo recolle a Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia.

Os concellos que obtivesen unha axuda da Xunta de Galicia para a elaboración dun PEP deberán integrar estas prescricións nos pregos de condicións que se empreguen no proceso de contratación. En consecuencia, estas prescricións técnicas serán de obrigado cumprimento para o contratista ao que se lle encomende a redacción do PEP, sen prexuízo doutras condicións que se lle impoñan.

2. PRESCRICIÓN DE CARÁCTER XERAL

2.1 EQUIPO REDACTOR

2.1.1 COMPOSICIÓN

Sen prexuízo das demais condicións que conteña o prego de cláusulas económicas e administrativas, o equipo redactor do plan terá carácter multidisciplinar, composto por un mínimo de dous especialistas con titulación universitaria de segundo ou terceiro ciclo, dos que un deles será arquitecto.

2.1.2 SOLVENCIA TÉCNICA

Para os efectos de acreditar a súa solvencia técnica para a participación na licitación do contrato de redacción do plan especial de protección, e sen prexuízo das demais condicións que se impoñan, o equipo deberá acreditar o compromiso de ter como director do plan, con capacidade de representación suficiente, a un especialista con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclo, responsable da dirección do equipo redactor durante todo o tempo de redacción do plan. Deberá acreditarse a experiencia do director do plan en proxectos de natureza análoga nos que participase, e para tal efecto se deberá achegar unha relación detallada na que se exprese:


- Os traballos de urbanismo realizados e aprobados definitivamente, diferenciando:
 - Plans especiais de protección.
 - Figuras de planeamento xeral (plan xeral de ordenación, proxecto de ordenación do medio rural, normas subsidiarias, delimitacións de solo urbano).
 - Traballos de planeamento de desenvolvemento (plans parciais, plans de sectorización, plans especiais).
- Outros traballos realizados no ámbito do urbanismo ou do patrimonio aprobados definitivamente.

Esta relación de traballos deberá acreditarse por medio de certificacións expedidas pola administración que contratou, tramitou ou aprobou o plan.

Non se valorará a experiencia profesional, aínda que estea correctamente acreditada, naqueles casos en que o planeamento redactado fose anulado por sentenza xudicial firme ou suspendido pola administración competente.

2.1.3 FUNCÍONS

Ademais da súa función primordial de elaborar os documentos escritos e gráficos dos que se compón o PEP, o equipo redactor debe desenvolver estas outras funcións:



- Recompilación da información previa necesaria (cartográfica, fotográfica, documental, de campo, etc.).
- Asistencia e apoio ao Concello no proceso de información pública, así como emitir informe de cada unha das alegacións que se presenten neses trámites.
- Asesoramento técnico ao Concello nos procesos e trámites de elaboración do plan.
- Entrega ao Concello, en cada fase de tramitación, das copias completas do traballo que sexan precisas a fin de acadar informes sectoriais, someter a información ao público, etc. Ademais naqueles casos en que deba de remitirse a documentación do Plan a outras administracións ou organismos, ditos documentos deberán de presentarse no formato que sexa esixido por estas/estes. En todo caso o número de copias a entregar deberá ser tal que o Concello teña sempre a súa disposición, independentemente das que deban de ser remitidas a outras administracións ou organismos, dúas copias en formato papel. Para aqueles documentos que non deban ser remitidos a ningunha administración ou organismo o número de copias a entregar será de catro. As entregas realizaranse nas condicións que se detallan no apartado correspondente deste prego.

2.2 DOCUMENTOS

2.2.1 IDIOMA

Tódolos documentos integrantes do plan redactaranse en idioma galego, sen prexuízo de que polo concello se solicite, ademais, unha tradución ó castelán.

2.2.2 FORMATO

Textos:

Nos documentos escritos empregárase o procesador de textos e se presentarán en carpetas, con numeración de tomos e páxinas, e con índices; expresarán con claridade o seu título, orde dentro do conxunto, data de realización, fase á que se refiren, e identificación do equipo redactor. Deberán estar asinados polo menos polo director do equipo. Ademais das copias en papel se entregarán os ficheiros de texto correspondentes en soporte dixital.

Documentación gráfica:

Todos os planos se elaboraran mediante técnicas de debuxo asistido por ordenador. As follas dividiranse preferiblemente en tamaño DIN A1; en todas figurará unha cartela informativa que conteña como mínimo o nome do Concello e título do traballo, equipo redactor, data, fase, escalas e nome do plano; en todas figurará asemade a cartela de simboloxía, na que queden explicadas as significacións de tódolos símbolos gráficos empregados, así como un gráfico distribuidor de follas.

As copias en papel que se entreguen serán da máxima calidade de reprodución, de xeito que non se perda información da contida no orixinal. Os planos se presentarán pregados a tamaño DIN A4, soltos ou en funda individual, de xeito que poidan ser extraídos para o seu uso. Deberán estar asinados polo menos polo director do equipo.

Tamén se entregará toda a documentación nun soporte ou dispositivo electrónico, en formato de documento portátil e non modificable (PDF), cunha resolución suficiente que permita a súa impresión coa mesma definición e calidade que a documentación entregada en soporte papel (aconséllase un mínimo de 300 ppp.).

Así mesmo, se entregarán os ficheiros correspondentes nun soporte ou dispositivo electrónico, no formato vectorial xeoreferenciado (DWG, DXF ou DGN) ou shapefile (SHP) para os planos e no formato de creación dos arquivos para o resto dos documentos (DOC, XLS, JPEG, etc), todos eles sen protección, editables e con identificación de códigos. No proxecto de normas



vectoriais, tódolos ficheiros deben depender dun directorio “\ nome do proxecto” para a súa mellor xestión.

A estrutura, os campos os dominios e demais características dos datos espaciais e metadatos, se axustarán ás especificacións técnicas do anexo que se publique na páxina web da Xunta de Galicia.

Os planos elaboraranse ás escalas apropiadas para a mellor expresión dos contidos que a cada plano lle corresponden. Se empregará unha base cartografía analítica de recente elaboración, coas actualizacións que resulten necesarias a fin de que reflecta o estado actual do ámbito territorial. Estas fontes poden ser as elaboradas para estes efectos no contexto do contrato de elaboración do plan ou as que se poidan obter por outros procedementos (fontes catastrais, cartografía ou ortofotografía doutros organismos, elaboración propia), pero en calquera caso debe presentar a definición e detalle de dita escala.


2.2.3 FORMA DE PRESENTACIÓN

Os planos e os tomos de documentación escrita presentaranse dentro de caixas que faciliten o manexo conxunto do documento. O volume total da documentación distribuirase de modo que cada unha das caixas nunca supere os 6 quilogramos de peso, de acordo coas recomendacións en materia de seguridade e saúde no traballo.

3. FASES DE ELABORACIÓN DO PEP

Sen prexuízo da distribución dos aboamentos de honorarios, o proceso de elaboración técnica dos traballos de redacción do PEP se considerará pautado polas seguintes fases:

- Se o plan debe someterse a avaliación ambiental, conforme ao establecido na lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, as fases serán as seguintes:
 - INFORMACIÓN URBANÍSTICA E DIAGNÓSTICO.
 - ANTEPROXECTO DE PLANEAMENTO COMO DOCUMENTO DE INICIO.
 - INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL.
 - DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL.
 - PROPOSTA DE MEMORIA AMBIENTAL.
 - DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL E PARA INFORME PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA (só preciso cando o plan xeral de ordenación municipal remita a ordenación detallada do solo urbano consolidado a un plan especial ou cando se trata dun plan especial non previsto no plan xeral).
 - DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA
- No caso de non ser preciso o sometemento a avaliación ambiental estratéxica, e sen prexuízo de adoptar as medidas que o órgano ambiental indique, as fases serán as seguintes:
 - INFORMACIÓN URBANÍSTICA E DIAGNÓSTICO.
 - DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL.





- DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL E PARA INFORME PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA (só preciso cando o plan xeral de ordenación municipal remita a ordenación detallada do solo urbano consolidado a un plan especial ou cando se trata dun plan especial non previsto no plan xeral).
- DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

Información urbanística e diagnóstico:

A primeira fase consistirá na recollida da información de toda índole precisa para a elaboración dos traballos. Ademais dos aspectos aos que fai referencia o capítulo IX do título I do Regulamento de planeamento, recollerase toda a información precisada no punto correspondente deste documento, así como nos documentos e guías elaboradas polo órgano ambiental, para os efectos da avaliación ambiental estratéxica do plan, e pola consellería competente no patrimonio cultural.

Sen prexuízo de cal sexa a fonte de información (facilitada polo concello, pola consellería, por outros organismos, obtida sobre o terreo, etc.), esta versará sobre os aspectos ambientais, socioeconómicos, históricos, arqueolóxicos e todos aqueloutros que sexan de interese para a redacción do plan especial, o equipo redactor ten a obriga de procesala e formalizala de acordo coas prescricións que se detallarán neste documento, así como de efectuar os traballos de campo precisos para actualizala ou completala .

Sobre a base da información recollida e procesada, o equipo redactor realizará, en coordinación cos servizos técnicos municipais e, no seu caso, coa participación doutros organismos administrativos ou entidades sociais, o diagnóstico socioeconómico e territorial do ámbito obxecto de protección, expresando a estrutura territorial básica, amosando os problemas detectados e sinalando as alternativas de acción posibles, o que constituirá o elemento central da memoria xustificativa do plan e peza fundamental para a súa avaliación ambiental estratéxica.

Anteproxecto de planeamento como documento de inicio:

No caso de que o plan deba someterse a avaliación ambiental estratéxica, unha vez realizado o primeiro diagnóstico para o plan, o equipo redactor elaborará un anteproxecto de planeamento como documento de inicio. O documento de inicio ten por finalidade servir de orientación para a elaboración e avaliación ambiental do plan, e en consecuencia, conterá un estudo detallado do ámbito obxecto do plan especial e das súas relacións territoriais, así como da descrición e avaliación dos procesos de formación e transformación históricos e recentes da estrutura e do alcance, do contido e dos obxectivos da planificación, así como das propostas e alternativas formuladas. Conterá, así mesmo, unha avaliación do seu desenvolvemento previsible, dos seus efectos ambientais e dos efectos que se prevexan que poida ter sobre os elementos estratéxicos do territorio, a planificación sectorial e territorial implicada e as normas aplicables.

Daráselle traslado ao órgano ambiental, que o someterá ao público e a outros organismos para posibles suxestións ou propostas, e elaborará o “documento de referencia”. Así pois debe ser redactado coa intención de ser claro, de tal modo que nos seus documentos se poidan observar as liñas mestras da ordenación (estratexia, directrices e obxectivos xerais do plan), sen necesidade de descender ó grao de detalle propio do documento definitivo.

O documento de inicio ou anteproxecto amosará os problemas detectados e ofrecerá unha primeira aproximación das decisións de ordenación que deban adoptarse, sinalando, as alternativas avaliadas na planificación. Estará integrado polos seguintes documentos:

- Memoria: expresará o diagnóstico socioeconómico e territorial efectuado, no que atinxe á dinámica poboacional e económica, ós problemas de índole territorial e



urbanístico detectados, ás potencialidades do ámbito que cómpre desenvolver, á situación e solucións de mellora das dotacións da poboación (espazos libres, equipamentos e servizos), etc. Expresará, así mesmo, a análise do planeamento vixente ou en redacción en relación coas determinacións do plan especial e a vía que propón artellar para lle dar resposta ó diagnóstico elaborado. Nese senso adiantará unha proposta non de detalle da cualificación de solo proposta para todas as alternativas previstas, de cualificación de dotacións e da programación de accións.

O esbozo das alternativas previstas na planificación non será válido se unicamente se expresan como alternativas a "0" (sen planeamento), e a alternativa a desenvolver.

En calquera caso, na elaboración desta memoria do documento de inicio, o mesmo que nas restantes fases do traballo, se buscará a maior claridade, precisión e síntese. Neste sentido, evítanse as referencias ou descrições xenéricas ou universais, debéndose centrar nos datos e as circunstancias propias e concretas do concello ao que se refire o PEP. Evítase, así mesmo, reiterar ou reproducir contidos da lexislación ou outros de carácter xeral.

- Planos: incluíranse os planos que sexan precisos nos que se reflectirán a información básica e o diagnóstico elaborado, incluíndo os referidos á proposta de recualificación e medidas de protección para as alternativas previstas, afondando na que se prevé como seleccionada. Para tal efecto conterán polo menos a identificación dos asentamentos de poboación (distinguindo os urbanos dos núcleos rurais), dos sistemas xerais que integran a estrutura xeral e orgánica do territorio (viario, redes de infraestruturas e transportes, espazos libres públicos e equipamentos públicos), das áreas que deben ser protexidas (espazos naturais, rede hidrográfica, franxa litoral, zonas afectadas por incendios, montes, concentración parcelaria, fitos e sendas paisaxísticas, etc.), das edificacións existentes, redes de infraestruturas e transportes, espazos libres públicos e equipamentos públicos, etc, así como planos descritivos dos elementos de interese patrimonial.

Informe de sustentabilidade ambiental:

No caso de que o plan deba someterse a avaliación ambiental estratéxica, atendendo aos criterios contidos no documento de referencia redactado polo órgano ambiental e de conformidade co establecido no artigo 8 da lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, se redactará o informe de sustentabilidade ambiental (ISA), que se configurará sobre a base dos criterios que se establezan no documento ambiental de referencia que redacte o órgano ambiental, e que determinará a amplitude e o nivel de detalle do documento, así como os criterios ambientais estratéxicos e indicadores dos obxectivos ambientais e principios de sustentabilidade aplicables en cada caso. Igualmente conterá a información, de ser o caso, da congruencia cos instrumentos establecidos na Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia.

Documento para aprobación inicial:

O plan aprobado con todos os documentos integrantes do expediente tramitado incluído o informe de sustentabilidade ambiental -no caso de que o plan deba someterse a avaliación ambiental estratéxica- será, así mesmo, o que se someta, simultaneamente, ao trámite de información pública previsto na Lei 9/2002 e -se é o caso- ás consultas previstas no documento de referencia.

Logo de realizarse a devandita información pública, o equipo redactor deberá emitir informes nos que se valore o contido das alegacións ou suxestións presentadas, e se propoña a súa estimación ou desestimación, así como no seu caso as modificacións que cumpriría introducir no plan. Igualmente, o equipo redactor elaborará un informe ou valoración dos informes de carácter sectorial que se teñan recibido dos organismos competentes.



Proposta de memoria ambiental:

No caso de que o plan deba someterse a avaliación ambiental estratéxica, o concello promotor, una vez transcorrido o período de consultas e de información pública, enviaralle ao órgano ambiental a documentación completa do plan que tome en consideración o informe de sustentabilidade ambiental, as alegacións e os informes presentados no período de consultas, así como unha proposta de memoria ambiental de conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. Deberá tamén enviar os informes sectoriais e un informe sobre o proceso de participación pública.

A memoria ambiental elaborárase para os efectos previstos na lexislación sobre avaliación ambiental estratéxica; conterá as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do plan e terase en conta no plan antes da súa aprobación definitiva.

Documento para aprobación provisional e definitiva:

De acordo coas instrucións que para tal efecto lle indique o órgano municipal competente, o equipo redactor introducirá nos documentos do plan os cambios derivados das alegacións e suxestións presentadas no período de información pública e consultas, así como dos informes sectoriais emitidos e das determinacións finais da memoria ambiental que deban incorporarse á proposta do plan –se é o caso-, para o que se redactará un anexo sobre a adecuación a ditas determinacións. Segundo se trate dun plan especial previsto ou non no plan xeral, o procedemento será:

- Os plans especiais previstos no plan xeral se elevarán ao órgano municipal competente para que resolva sobre a súa aprobación definitiva.


- A aprobación de plans especiais non previstos polo plan xeral ou aqueles aos que o plan xeral remita a ordenación detallada do solo urbano consolidado, de acordo co establecido no artigo 69.4 da Lei 9/2002, requirirá en todo caso a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control da legalidade e á tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

Para estes efectos, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes e someterallo, co expediente completo debidamente dilixenciado, á persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.

A consellaría, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade tanto do proxecto de plan coma do expediente e das actuacións administrativas realizadas. De apreciarse a omisión ou defectuosa formalización dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación do proxecto, requirirá a emenda das deficiencias observadas e fixará prazo para o efecto. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe autonómico.

Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrírase un novo trámite de información pública.

Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva.





4. DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN

De acordo co disposto na LOUG e no RP, o plan estará integrado polos seguintes documentos, precedidos por un **índice** paxinado ou relación de toda a documentación:

- Memoria descritiva e xustificativa.
- Planos de información.
- Planos de ordenación.
- Normas urbanísticas.
- Estratexia de actuación e estudo económico.
- Catálogo.
- Informe ou memoria de sustentabilidade económica.
- Informe de sustentabilidade ambiental e memoria ambiental ou, no caso de que o plan non deba someterse a avaliación ambiental estratéxica, Estudo de sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.
- Documento de síntese

Ademais dos expresados, que se consideran para tódolos efectos como documentación mínima, o plan conterá aqueles outros documentos que segundo o caso se puideran considerar necesarios, de acordo coas condicións concretas establecidas no contrato ou de acordo ao disposto pola lexislación específica, como é o caso das memorias xustificativas de adecuación ás normas de accesibilidade e habitabilidade.

Para cada un dos documentos expresados se establecen a continuación as prescricións técnicas sobre o seu contido.

Memoria descritiva e xustificativa:

A memoria do plan especial debe conte-la información urbanística xeral, o seu diagnóstico e a exposición e xustificación das solucións de ordenación adoptadas. Así mesmo expresará, en cada fase, o resultado dos trámites anteriormente producidos (exposicións ó público, informes sectoriais, etc). A memoria estará composta de:


Información urbanística:

O equipo debe recoller toda a información urbanística que resulte necesaria para a correcta elaboración do plan, no relativo ó medio físico, poboación, infraestruturas, edificacións e construcións, usos do solo, interese e valores culturais, etc., tanto recompilando os datos existentes en arquivos ou outros fondos como efectuando os traballos de campo precisos para a actualización ou complemento deses datos. Conterá todos os datos precisos referentes aos seguintes aspectos:

- Evolución histórica e antecedentes na tramitación do planeamento.



- Obxectivos, determinacións e criterios dos instrumentos da ordenación territorial.
- Planeamento vixente e determinacións do planeamento xeral.
- Elementos inventariados, catalogados e declarados de interese cultural.
- Características naturais do territorio: xeolóxicas, topográficas, climáticas e outras.
- Características da poboación e as actividades económicas e previsións sobre a súa evolución. Analizarase particularmente o estado do parque actual de vivendas e a dinámica de creación e ocupación de vivenda nos últimos anos.
- Estado e características das edificacións e construcións existentes (usos, alturas, tipoloxías, materiais, criterios compositivos, cubertas, cores, etc.). Naqueles elementos inventariados, describiranse polo miúdo todos os elementos,
- Inventario dos espazos libres e equipamentos existentes, identificando cada elemento, a súa superficie, titularidade e estado actual. Estudo sobre a actual cobertura dotacional, no que se detecten as posibles carencias ou disfuncionalidades existentes.
- Análise da incidencia da lexislación sectorial vixente en materia de patrimonio cultural, protección do medio ambiente, espazos naturais, costas, estradas, augas, cemiterios, defensa, ou calquera outra de aplicación no ámbito do plan especial.
- Análise das previsións sobre actuacións programadas por organismos públicos ou por entidades privadas no ámbito: declaracións de áreas de rehabilitación integral, creación de infraestruturas ou servizos, actuacións públicas de urbanización, etc.
- Estado actual da rede viaria, diferenciando as distintas xerarquías e titularidades.
- Estado actual dos servizos (abastecemento de auga, saneamento, distribución de enerxía eléctrica, telefonía, gas, alumeadado público), así como estudo técnico sobre a capacidade destes servizos para satisfacer tanto as demandas actuais como as derivadas da ordenación do plan.
- Se é o caso, información e diagnose para establece-las medidas tendentes á conservación e mellora das potencialidades intrínsecas do medio rural, é dicir, dos seus valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais, ou do seu potencial como medio de produción económica (agropecuaria, forestal, mineira, enerxética, turística, etc). Se deberá analizar a morfoloxía, infraestruturas e dotacións urbanísticas existentes, número e carácter das súas edificacións, consolidación pola edificación e densidade de vivendas, patrimonio arquitectónico e cultural e calquera outra circunstancia urbanística relevante para xustificar as determinacións.



Descrición da ordenación:

Exposición descritiva dos obxectivos e criterios do plan, da súa conformidade cos instrumentos de ordenación territorial e das solucións de ordenación adoptadas para cada unha das súas determinacións básicas.

Descrición clara e exhaustiva do ámbito e das partes ou elementos integrantes e definición das súas relacións coa área territorial á que pertence, así como a protección dos accidentes xeográficos e elementos naturais que conformen o seu contorno, que aparecerá delimitado tamén graficamente, en atención á súa adecuada protección, contemplación e estudo.



Medidas encamiñadas á recuperación integral do ámbito e daquelas zonas concretas que, de ser o caso, requiran a previsión de delimitar áreas de rehabilitación integrada que permitan a recuperación da área residencial e das actividades económicas adecuadas.

O plan especial establecerá para tódolos usos públicos a orde prioritaria da súa instalación nos edificios e espazos que fosen aptos para iso. Igualmente preverá as posibles áreas de rehabilitación integrada.

Se establecerán os criterios relativos á conservación de fachadas e cubertas e instalacións sobre elas, así como daqueles elementos máis significativos existentes no interior.

Se determinarán as medidas de mantemento da estrutura urbana e arquitectónica do conxunto e as características xerais do ambiente e da silueta paisaxística. Non se permitirán modificacións de aliñacións, alteracións da edificabilidade, parcelacións nin agregacións de inmobles, agás que contribúan á conservación xeral do carácter do conxunto.

Excepcionalmente, o plan de protección dun conxunto histórico poderá permitir remodelacións urbanas, pero solo en caso de que impliquen unha mellora das súas relacións co entorno territorial ou urbano ou eviten os usos degradantes para o propio conxunto, polo que se manterán a estrutura urbana y arquitectónica, as características ambientais e as aliñacións urbanas existentes.

Se recollerán as normas específicas para a protección do patrimonio arqueolóxico, que preverán, polo menos, a zonificación de áreas de fertilidade arqueolóxica, solucións técnicas e financeiras.

Se preverán especificamente as instalacións eléctricas, telefónicas ou calquera outra, que deberán ser soterradas. As antenas de televisión, as pantallas de recepción de ondas e os dispositivos similares situaranse en lugares que non prexudiquen a imaxe urbana ou do conxunto. Só se autorizarán aqueles rótulos que anuncien servizos públicos, os de sinalización e os comerciais, que serán harmónicos co conxunto, quedando prohibidos calquera outro tipo de anuncios ou rótulos publicitarios.

De xeito específico deberán expresarse os seguintes extremos:

- Cadro no que se expresen as superficies de cada ámbito característico, especificando as correspondentes a cada unha das categorías e ordenanzas de solo establecidas.
- Dotacións urbanísticas (espazos libres, equipamentos, prazas de aparcamento) diferenciando entre tipos de dotacións e expresando para cada unha a súa superficie (ou número de unidades), condición (sistema xeral ou dotación local), carácter (existente ou previsto) e titularidade (pública ou privada).

Xustificación das determinacións:

Na xustificación do contido do plan especial de protección se deben motivar as decisións ao respecto de cada determinación básica, tralo análise ponderado das distintas alternativas; rexéndose pola adecuación á lexislación específica e sectorial, aos instrumentos de ordenación territorial e planificación sectorial e tomando como principios reitores a protección do patrimonio cultural e natural e a recuperación das estruturas desconformes.


Especificamente deberán quedar detallados os seguintes extremos:

- Motivación das decisións de tipo discrecional: xustificacións polas que se optou por unha ou outra alternativa das diferentes posibles ó respecto de cada determinación básica.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

- Xustificación do cumprimento dos estándares, indicadores, criterios ou límites establecidos pola lexislación de ordenación do territorio, urbanística e sectorial vixente.
- Congruencia da ordenación cos obxectivos e fins fixados polo plan xeral e o propio plan especial, adaptación do plan ás características e complexidade do ámbito territorial e requisitos xerais de calidade da ordenación e das medidas de xestión.
- Obxectivos da ordenación proposta.
- Se é o caso, estudo comparativo dos estándares resultantes da ordenación do plan cos establecidos pola LOUG.
- Xustificación de que a ordenación establecida responde ós criterios expostos nos artigos 46.1, 47.3, 48 e 104 da Lei 9/2002, 45 e 46 da Lei 8/1995 e 20 e 21 da Lei 16/1985.
- Xustificación das medidas adoptadas en materia de xestión urbanística.
- Determinación da compatibilidade dos usos coa correcta conservación dos bens.
- Previsións para a intervención en espazos e inmobles de titularidade pública. Establecemento, para tódolos usos públicos, da orde prioritaria da súa instalación nos edificios e espazos que fosen aptos para iso.
- Previsión das posibles áreas de rehabilitación integrada que permitan a recuperación da área residencial e das actividades económicas adecuadas.
- Criterios relativos ao mantemento da estrutura urbana e arquitectónica do conxunto histórico e as características xerais do ambiente e da silueta paisaxística. Non se permitirán modificacións de aliñacións, alteracións da edificabilidade, parcelacións nin agregacións de inmobles, agás que contribúan á conservación xeral do carácter do conxunto.
- Accións encamiñadas a corrixir os posibles déficits de dotacións (espazos libres e equipamentos) e infraestruturas de servizo.
- Estudo do tráfico, trazado e características da rede viaria, previsións para a promoción de sistemas de mobilidade non motorizada (áreas peonís, ciclistas, etc) e previsión de aparcadoiros públicos, xustificando a súa localización en relación coa planificación do transporte público e demais condicionantes urbanísticos.
- Análise xustificativo das consecuencias sociais e económicas da execución do plan e, concretamente, da incidencia das medidas no control dos procesos de terciarización e xentrificación e marxinalidade.
- Xustificación detallada do cumprimento da lexislación sectorial que afecte á ordenación urbanística. Especificamente da lexislación de patrimonio, accesibilidade e habitabilidade, incorporando accións tendentes á mellora das condicións de habitabilidade, accesibilidade e á supresión de barreiras arquitectónicas, tanto das edificacións como dos espazos públicos, compatibles cos criterios de protección.



Determinacións pomenorizadas das edificacións:

No caso de que o nivel de protección do ámbito así o aconselle, o plan deberá conter unha ficha individualizada de tódalas edificacións, espazos públicos e baleiros, na que se exprese o estado da edificación, o nivel de protección e os elementos singulares, as condicións volumétricas (tanto da edificación existente coma da permitida pola ordenación); indicando os




elementos desconformes que deban ser eliminados, ordenanza aplicable e os usos e obras permitidos. Así mesmo, conterá as fotografías en cor precisas de cada unidade.

Planos de información:


Deberán elaborarse os planos de información precisos para completar a información escrita, reflectindo todos aqueles aspectos que a súa comprensión precisa dun soporte gráfico:

- Recompilación da cartografía e planos históricos do ámbito.
- Inserción territorial.
- Delimitación completa da área de ordenación, con referencia explícita ao planeamento xeral, as clases e categorías de solo e ás súas determinacións estruturais predefinidas.
- Topografía, pendentes e xeomorfoloxía.
- Plano de usos do solo do ámbito territorial, no que se expresen os actuais usos do solo e os valores e potencialidades que presentan, con especial mención dos aproveitamentos agrícolas e forestais.
- Estado actual do asentamento, con expresión das edificacións existentes con expresión das tipoloxías, estado de conservación, antigüidade, descrición do interese arquitectónico e histórico, alturas, características das cubertas, usos, grao de ocupación, réxime de tenencia, estrutura viaria e parcelaria, zonas de cultivo e arbóreas linderais, etc.
- Plano no que se recollan os elementos inventariados dos elementos arqueolóxicos.
- Plano no que se identifiquen os elementos e conxuntos de interese patrimonial, cultural, artístico ou histórico.
- Identificación dos elementos e espazos de interese natural.
- Trazado e características actuais da rede viaria, incluída a peonil, coa definición de perfís e aliñacións lonxitudinais e transversais, trazado de prazas, espazos urbanos, aparcamentos e, excepcionalmente, a apertura de novos viais, identificando cada vía, expresando as titularidades e grafando as súas zonas de protección de acordo coa lexislación en materia de estradas.
- Identificación e descrición das infraestruturas ferroviarias, portuarias, transporte por estrada, telecomunicacións, xestión de residuos sólidos, defensa nacional ou outras infraestruturas e delimitación das súas zonas de afección.
- Estado actual dos servizos de abastecemento de auga, saneamento e distribución de enerxía eléctrica, telecomunicacións e outras infraestruturas: trazado, capacidade, estado, grao de utilización e dimensións das redes, localización e características dos elementos funcionais (depósitos, depuradoras, subestacións eléctricas, vertedoiros, etc.).
- Mapa de riscos naturais de orde hidrolóxica, xeotécnica, incendios ou calquera outra e identificación dos riscos vinculados aos establecementos ou instalacións susceptibles de producir accidentes graves.





- Concas hidrográficas, dominio público hidráulico e zonas de servidume. Expressará ademais as zonas con riscos de inundación, así como as zonas onde existan augas subterráneas a protexer.
- Identificación dos bens de titularidade pública, espazos libres e equipamentos existentes no ámbito territorial.
- Alzados a escala non inferior a 1:200 da totalidade da totalidade das fachadas das edificacións e construcións existentes.
- Deberán elaborarse planos, a escala non inferior a 1:500, sobre os servizos urbanísticos. Nestes planos debe reflectirse o trazado e características das redes de servizos existentes (abastecemento de auga, saneamento, electricidade, alumeadado público, rede de gas, telefonía, etc), sinalando correctamente a localización de elementos tales como rexistros, pozos de impulsión, depósitos, ou calquera outro punto das instalacións, e expresando detalladamente tanto as seccións dos condutos como o seu material.
- Especificacións para a rede de saneamento: diámetro do tramo, capacidade, estado material, pendente e grao de utilización, localización dos pozos de bombeo, arquetas ou rexistros. Deberán diferenciarse as redes que recollen pluviais, fecais ou mixtas. Se localizarán os puntos de depuración existentes, especificando tipo de instalación (estación depuradora, fosa séptica, pozo de filtración...), capacidade, antigüidade, estado de conservación e suficiencia.
- Especificacións para a rede de abastecemento de auga: deberá quedar especificado para cada tramo o diámetro, material e antigüidade, localización de rexistros, arquetas de derivación ou control. Localizaranse os puntos de abastecemento, especificando tipo (depósito, manancial, estación de tratamento, etc), capacidade, antigüidade e condicións de potabilidade.



Planos de ordenación:

O plan deberá expresar graficamente aquelas das súas determinacións normativas que así o precisen para garanti-lo seu mellor entendemento. Deberán elaborarse obrigatoriamente os seguintes planos de ordenación, nas condicións expresadas neste prego:

Plano de delimitación do ámbito.

Delimitación completa da área de ordenación, con referencia explícita ao planeamento xeral, as clases e categorías de solo e ás súas determinacións estruturais predefinidas.

Plano de estrutura xeral e orgánica.

Nel se representarán todos os elementos integrantes de cada un dos sistemas xerais de comunicacións, infraestruturas, equipamentos e espazos libres. Cada elemento deberá quedar debidamente identificado en relación cos listados incluídos na parte escrita do plan. Este plano pode presentarse independentemente (escala 1:2000) ou fundi-lo seu contido no plano de ordenación.

Planos de ordenación.

Estes planos se elaborarán sobre a base cartográfica non inferior a 1:500 e deberán conter as determinacións esixidas polo PXOM e a lexislación urbanística aplicable. Éstas se trazarán sobre a base topográfica, acoutando o viario e as alturas das edificacións.



Se diferenciará as distintas clases e categorías do solo.

As zonas ordenadas de xeito detallado incluírán a cualificación (ordenanza) correspondente a cada zona, a asignación de usos detallados, a delimitación de espazos libres e ámbitos dotacionais (incluídos os aparcamentos), aliñacións e rasantes da rede viaria e espazos públicos (definindo o seu carácter), así como outros datos precisos para completar detalladamente a ordenación (alturas, fondos, cubertas, usos específicos, zonas singulares como soportais, pasos, etc). Así mesmo, se concretará a apertura de novos viais e deseño detallado dos espazos públicos.

O tratamento gráfico das actuacións permitidas se expresará sobre as edificacións existentes e sobre os espazos baleiros, con detalles sobre a ocupación, planta, características das fachadas e cubricións.

Quedarán debidamente delimitados e cualificados todos os ámbitos destinados polo plan a viario, infraestruturas, equipamentos ou espazos libres (sistemas xerais ou dotacións locais).

Deberán quedar identificados os elementos integrantes do catálogo de bens protexidos. Os arqueolóxicos comprenderán tanto as áreas de elementos coñecidos como as áreas de potencialidade arqueolóxica.

Así mesmo, este plano deberá conter as liñas delimitadoras das zonas de servidume legal establecidas pola lexislación sectorial en materia de costas, augas, estradas, cemiterios, patrimonio cultural, ou calquera outra de aplicación.

Se identificarán os elementos incluídos no catálogo.

Alzados.

Alzados a escala non inferior a 1:200 da totalidade das fachadas das edificacións existentes (podendo integrar os planos de información), indicando a volumetría proposta polo plan e sinalando aqueles elementos que o plan propón eliminar. Tamén se realizarán as perspectivas oportunas do ámbito territorial nas que sexa posible comparar o estado actual coas actuacións que se deseñen na área. Estas poderán ser substituídas polas imaxes obtidas dunha maqueta ou modelo territorial.

Planos de xestión.

Deberán delimitarse os ámbitos de xestión establecidos, con indicación das áreas de rehabilitación integral.


Delimitaranse as áreas dos núcleos rurais nos que se preveza a realización de actuacións de carácter integral e os correspondentes polígonos.


Tamén se incluírá un plano de etapas de execución das accións proxectadas.

Estes contidos poderán recollerse en planos independentes, ou ben incorporados nos planos de ordenación municipal, do solo urbano e dos núcleos rurais. Neste caso, deberá comprobarse que a superposición de informacións e tramas non reduza a comprensión do plano.

Planos de trazado e características das redes de servizos previstas.

O plan deberá reflectir o trazado e características dos novos elementos das redes de servizos que teña previsto que se executen, cumprindo os mesmos requisitos expresados para os planos de información sobre servizos.







Normas urbanísticas:

A normativa urbanística é a expresión literal dos contidos da ordenación, polo que a súa redacción debe guiarse polo criterio da claridade e seguridade de interpretación, neste sentido, deben quedar claramente definidos os termos empregados. O contido da normativa axustarase ás especificacións e modelos que se establezan para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. A normativa deberá referirse, polo menos, aos seguintes aspectos :

- Normas de carácter xeral: vixencia, obrigatoriedade, consulta do seu contido, interpretación dos seus documentos, etc.
- Normas sobre usos: clasificación dos usos previstos, expresando as categorías establecidas para cada un deles, e a regulación detallada das condicións de desenvolvemento de cada unha. Se expresarán as condicións de compatibilidade entre usos. A regulación detallada de cada uso deberá atender á lexislación sectorial vixente sobre a materia en cuestión.
- Normas xerais de edificación: regulación xeral das condicións das edificacións, no que atinxe a aspectos dimensionais, accesibilidade, habitabilidade, seguridade, infraestrutura, estética, etc.
- Normas de parcelación, nas que se regulen as operacións de agregación ou segregación que excepcional mente se poidan realizar na medida en que contribúan á conservación xeral de carácter do conxunto
- De ser o caso, normas sobre o planeamento de desenvolvemento do plan: prazos e condicións ás que se deben suxeitar os correspondentes instrumentos de desenvolvemento e criterios e condicións para o desenvolvemento do plan.
- Normas particulares para cada clase e cualificación de solo (ordenanzas): se establecerán separadamente para cada cualificación diferente establecida. As ordenanzas deberán ser completas e especialmente claras no seu contido, evitando duplicacións ou contradicións. O réxime de usos debe realizarse por referencia aos tipos e categorías expresados na regulación xeral de usos. Conterán os gráficos que resulten precisos para a súa interpretación ou entendemento.
- Normas referentes a proteccións, condicións de composición ou acabado das edificacións, etc., que resulten de aplicación común a todas ou varias das ordenanzas particulares. Se establecerán tres niveis de protección: ambiental, estrutural e integral, determinando para cada un deles as posibles actuacións que, en todo caso, se adaptarán ás instrucións da consellería competente en patrimonio cultural. Conterán determinacións relativas aos seguintes aspectos:
 - Criterios relativos á conservación de fachadas e cubertas e instalacións sobre elas, así como daqueles elementos máis significativos existentes no interior.
 - Previsión específica das instalacións eléctricas e de telecomunicacións ou calquera outra, que deberán ser soterradas. As antenas de telecomunicacións e os dispositivos similares situaranse en lugares que non prexudiquen a imaxe urbana ou do conxunto.
 - Caracterización dos espazos aptos para a publicidade, nos que só se autorizarán aqueles rótulos que anuncien servizos públicos, os de sinalización e os comerciais, que serán harmónicos co conxunto, quedando prohibidos calquera outro tipo de anuncios ou rótulos publicitarios.





- Medidas encamiñadas á conservación, consolidación e rehabilitación. Se evitarán os intentos de reconstrución, salvo cando se utilicen partes orixinais dos mesmos e poida probarse a súa autenticidade. Se se engadisen materiais ou partes indispensables para a súa estabilidade ou mantemento, as adicións deberán ser recoñecibles e evitar as confusións miméticas.
- As reestruturacións respectarán as achegas de todas as épocas existentes. A eliminación dalgunha delas soamente se autorizará con carácter excepcional e sempre que os elementos que traten de suprimirse supoñan unha evidente degradación do ben e a súa eliminación fose necesaria para permitir unha mellor interpretación histórica do mesmo. As partes suprimidas quedarán debidamente ben documentadas.
- Normas específicas para a protección do patrimonio arqueolóxico, que preverán, polo menos, a zonificación de áreas de potencialidade arqueolóxica, solucións técnicas e financeiras. Os proxectos arqueolóxicos preceptivos para a realización de calquera tipo de obra que afecte ás zona arqueolóxica ou xacementos catalogados ou inventariados, conterán un programa detallado e coherente, que acredite a conveniencia e o interese científico da intervención e avale a idoneidade técnica do arqueólogo director. Se establecerán condicións específicas para cada unha das áreas de protección arqueolóxica, en atención ás súas singularidades.
- Condicións para as obras de urbanización: expresarán os requisitos mínimos para os proxectos de urbanización que se redacten. Estes requisitos referiranse tanto ó contido dos proxectos como, especialmente, ás características das propias obras, no relativo a criterios de deseño e construción de viario, redes de servizos, axardinamento, mobiliario urbano, sinalización, e cantas outras resulten necesarias para garanti-la adecuación funcional e estética dos espazos e servizos urbanos. Especificamente se detallarán as prescricións tendentes a dar cumprimento á lexislación en materia de accesibilidade e supresión de barreiras e habitabilidade. As normas se acompañarán, preferiblemente, de cantos esquemas ou gráficos resulten precisos para detalla-lo seu contido.
- Ordenanzas de seguridade, salubridade e ornato das edificacións, construcións, instalacións, urbanizacións, espazos libres, terreos e soares.

Estratexia de actuación e estudo económico

A estratexia de actuación, ten por finalidade establece-las previsións para o desenvolvemento coherente do plan. Para tal fin debe conter:

- Un listado no que estean recollidas todas as actuacións de desenvolvemento previstas.
- Para cada actuación de desenvolvemento urbanístico se expresarán as actuacións de infraestruturas que se deben realizar previa ou simultaneamente. Igualmente se expresará, de darse o caso, se existen outras actuacións previstas que dependan da considerada ou que, á inversa, deban ser executadas necesariamente con anterioridade.
- A relación de actuacións urbanísticas preferentes, expresando para cada unha delas o motivo da prioridade (actuación pública programada ou concerto con particulares), os prazos para o seu desenvolvemento e as condicións específicas establecidas para o mesmo.



O plan debe conter un estudo económico no que se recollerán, para cada unha das actuacións do listado definido na estratexia de actuación, os seguintes extremos:

- Custo económico previsto, expresando o correspondente a obtención de terreos e execución de obras, así como o total.
- Iniciativa de financiamento: privada ou pública. Se é privada exprésase o ámbito de xestión ó que está vinculada. Se é pública se exprésase a Administración ou organismo concreto ó que lle corresponde.

Para xustificar as previsións de financiamento atribuídas ó propio Concello, realizarase unha análise sobre a capacidade financeira municipal baseada nas previsións de ingresos e estimación de capacidades de investimento, ou extrapolando os datos dos presupostos dos últimos exercicios.

Para todas as previsións de financiamento atribuídas expresamente a outras Administracións, o estudo debe incorporar a documentación coa que quede acreditado o compromiso daquelas.

Catálogo:

Consideracións xerais

O plan especial de protección deberá incluír un catálogo no que queden recollidos todos aqueles elementos e conxuntos naturais, arquitectónicos, históricos, arqueolóxicos, etnográficos, artísticos, paisaxísticos, etc. que merezan someterse a protección para a súa protección, conservación, mellora ou recuperación.


Se definirán os tipos de intervención posible sobre os elementos unitarios que conforman o conxunto, tanto inmobles edificados como espazos libres exteriores ou interiores, ou outras estruturas significativas, así como os compoñentes naturais que o acompañan. Aos elementos singulares se les dispensará una protección integral. Para o resto dos elementos se fixará, en cada caso, un nivel adecuado de protección.

O catálogo debe organizarse agrupando as fichas dos elementos en primeiro termo por tipoloxías, en segundo por parroquias ou barrios, e por último polo seu código de identificación. No caso de que a organización por parroquias ou barrios resulte confusa por situarse algúns elementos catalogados en varias parroquias ou barrios poderase omitir esta clasificación.

Os bens catalogados están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que o ben quedaría descontextualizado (fincas muradas anexas ás construcións, eiras, camiños ou espazos nos que se ubican os hórreos, canles e depósitos nos muíños, etc...). Deste xeito na ficha de catálogo correspondente débense recoller e protexer tamén estes elementos.

No caso das igrexas, a catalogación dos conxuntos igrexa-adro debe estenderse a outros elementos relacionados como a reitoral, cruceiros e outros, non podéndose xeneralizar a extensión da protección aos cemiterios na súa totalidade, nos cales se deben protexer unicamente aquelas partes e enterramentos de carácter histórico e singular, permitindo que o resto poidan ser modificados, transformados ou eliminados.

De cada elemento se elaborará unha ficha individualizada, cuxo contido se axustará ao establecido pola consellería competente en patrimonio cultural. Como mínimo debe conter:





Planos de situación, emprazamento e delimitación do ben

Os planos incorporados nas fichas do catálogo serán os de ordenación a escala 1/500. Nas fichas que, pola dimensión dos elementos que catalogan ou do seu contorno de protección non sexa adecuada esta escala, poderase empregar outra.

Incluirán a representación diferenciada do ben principal catalogado e das construcións e elementos singulares sen os cales o ben quedaría descontextualizado.

No caso concreto de casas, pazos ou similares con fincas, deberase grafar o límite exacto da parcela, cunha liña de trazo diferenciado á que delimita o perímetro de protección, que se establecerá a partir dese muro exterior de peche.

Conterán a delimitación do contorno de protección do ben catalogado correspondente, o cal se establecerá, en base a un estudo individualizado do contorno de cada elemento, seguindo as pagadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

Fotografías descritivas

Deberán ser representativas e no caso de elementos illados, como igrexas e capelas, debese incorporar máis dunha perspectiva.


Aquelas edificacións que posúan escudos, petos de ánimas, molduras, relevos, e outros elementos similares que sexan significativos deberán incorporar fotos de detalle de cada un deles.

Polo menos unha fotografía terá un tamaño mínimo de 7,5 x 10 cm.

Datos do ben

Incluiranse os seguintes datos na ficha:

- Denominación do ben.
- Código de identificación: o ben identificarase mediante un código, que será o mesmo que figure nos planos de ordenación.
- Localización: incluíranse o topónimo, o lugar e a parroquia de ubicación. Ademais conterá as coordenadas UTM do centro do ben, así como o código do plano de ordenación no que se atopa situado. No caso dos xacementos arqueolóxicos este coincidirá co que figura nas fichas do inventario.
- Descrición detallada do ben que conterá:
 - data ou período histórico de creación do ben orixinal e das súas transformacións posteriores,
 - tipoloxía e características principais do ben,
 - singularidade e valoración do ben,
 - conxunto de elementos que o forman,
 - descrición do contorno,
 - referencias inmateriais en elementos de carácter etnográfico
 - existencia de sinerxías con outros elementos de interese patrimonial,





- elementos conxunturais que achegan valor ó inmovible (bibliografía, importancia social) e
- outros factores que dan valor ó ben de carácter non patrimonial (turismo, situación nun lugar con valores ambientais,...)
- Descrición do estado actual do ben incluíndo o seu uso actual, o estado de conservación, a súa titularidade (comunal, privada ou pública) e, no seu caso, as causas que motivaron o deterioro do ben. Tamén se incluírá unha descrición dos elementos discordantes

Clasificación e cualificación urbanística

A ficha conterá os seguintes datos urbanísticos:

- Clase e categoría de solo correspondente.
- Cualificación urbanística.

Protección do ben

En relación ó réxime de protección do ben a ficha incluírá:

- Categoría de catalogación: declarado BIC ou inventariado
- Grao de protección: ambiental, estrutural ou integral.
- Norma ou instrumento en virtude do cal se encontra catalogado o elemento
- Relación de actuacións e usos permitidos
- Relación de actuacións e usos prohibidos
- Determinacións encamiñadas á conservación do ben, incluíndo as posibles accións de cara á eliminación de elementos discordantes.

Informe ou memoria de sustentabilidade económica:

No informe ou memoria de sustentabilidade económica se ponderará o impacto das actuacións programadas polo plan nas Facendas Públicas afectadas pola implantación e mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos.

Documentación ambiental:

Deberá elaborarse un estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico. No caso de que o plan deba someterse a avaliación ambiental estratéxica, este documento será substituído polo informe de sostibilidade ambiental e memoria ambiental.

Nesta documentación ambiental se deberán identificar, describir e avaliar os probables efectos significativos que poidan derivarse da aplicación das determinacións do plan sobre o medio ambiente, así como as medidas protectoras e correctoras necesarias para minimizalos.

O plan integrará a consideración da paisaxe, conforme ós criterios da Lei 7/2008 de 7 de xuño de protección da paisaxe de Galicia, considerando a perspectiva global e integral da paisaxe. Realizará un estudo da paisaxe urbana, prestado especial atención ás tipoloxías edificatorias,




CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

ás medianeiras vistas e aos peches, aos materiais das fachadas, pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arborado, ao mobiliario urbano, ao alumeadado público, aos tendidos aéreos, e ao tráfico e aparcamento de vehículos. Así mesmo, identificará as oportunidades para a incorporación das manifestacións artísticas á mellora da imaxe do territorio prestando especial atención ás posibilidades existentes para restaurar ámbitos deteriorados.

A documentación ambiental, como parte integrante do plan, deberá ser doadamente comprensible para o público e para as administracións públicas, e conterá un mapa de riscos naturais, así como a información referida a os seguintes aspectos:

- Un esbozo do contido, obxectivos principais do plan e a relación con outros plans ou programas conexas.
- Os aspectos relevantes da situación actual do medio ambiente e a súa probable evolución no caso de non aplicar o plan.
- As características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de xeito significativo.
- Calquera problema ambiental existente que sexa relevante para o plan, en concreto os relacionados con calquera zona de particular importancia ambiental, de conformidade cos criterios establecidos na Lei 9/2001, de conservación da natureza, ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna.
- Os obxectivos de protección ambiental fixados nos ámbitos internacional, comunitario ou nacional que garden relación co plan e o xeito en que tales obxectivos se tiveron en conta durante a súa elaboración.
- Os probables efectos significativos no ambiente, incluídos aspectos como a biodiversidade, a poboación, a saúde humana, a fauna, a flora, a terra, a auga, o aire, os factores climáticos, os bens materiais, o patrimonio cultural, incluído o patrimonio histórico, a paisaxe e a interrelación entre todos estes factores.
- As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, contrarrestar calquera efecto significativo negativo no ambiente pola aplicación do plan.
- Un resumo das razóns da selección das alternativas previstas.
- Un informe sobre a viabilidade económica destas alternativas e das medidas dirixidas a previr, reducir ou paliar os efectos negativos do plan.



Se o plan se somete a avaliación ambiental estratéxica, seguirase a estrutura establecida no Documento de referencia.

No caso de ser preciso someter o plan a avaliación ambiental estratéxica, elaborárase a proposta de memoria ambiental que terá por obxecto vincular as determinacións do plan ao contido do informe de sustentabilidade ambiental, ao resultado das consultas e alegacións, así como aos informes emitidos no trámite de información pública, en consecuencia, conterá as determinacións finais que deban incorporarse ao documento que se aprobe provisionalmente e definitivamente.

Finalmente, deben incorporarse á proposta do plan as determinacións finais da memoria ambiental elaborada polo órgano ambiental, para o cal se redactará un apartado ou anexo específico.



Documento de síntese:

Incluirá os planos precisos para delimitar os ámbitos nos que a ordenación proxectada altera a vixente, coa descrición e alcance de dita alteración.


No seu caso, planos dos ámbitos nos que se suspendan a ordenación ou os procedementos de execución ou de intervención urbanística e a duración de dita suspensión.

Cadro-resume de datos xerais derivados da información urbanística (superficie, poboación, usos do solo, dotacións existentes, etc).

Táboas de datos xerais da ordenación (superficies de solo, usos, tipoloxías, afeccións, aproveitamentos, capacidade residencial e demais características específicas) referidos a cada ámbito específico determinado polo plan (clases e categorías de solo, ámbitos de xestión, sistemas xerais e locais, etc.).

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas, composto por vinte e unha follas incluída a da presente dilixencia, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local de data oito de outubro de dous mil dez.

A Secretaría



Asdo.: M^a Loreto López Fernández.